

VIEIROS

Venezuela

Edición xestionada por [Xurxo Martínez Crespo](#)

TODOS OS POETAS DO MUNDO

Miguel Anxo Fernán Vello participa en Venezuela no Festival Mundial de Poesía

A primeira conferencia, será mañá martes 26 de xullo ás 11:00 da mañá no Celarg, a cargo do poeta nicaragüano Ernesto Cardenal, quen o ano pasado titulou a súa conferencia tcomo "Somos po de estrelas". Este Festival contou na súa primeira edición coa participación de Xosé Luis Méndez Ferrín por Galiza, e conta co apoio directo do Ministerio de Cultura da República Bolivariana de Venezuela e o CONAC(Consejo Nacional de Cultura) da man do ministro de orixe galega Farruco Sesto Novás.

- 09:32 26/07/2005

Sahara Visións Atómicas

Novamente estará en Venezuela o poeta Mahmoudan Hawad de Sahara Central, quen enfeitizou aos venezuelanos co seu recital no marco do I Festival Mundial de Poesía. Esta vez non só cantará sus versos, senón que presentará o seu libro Sahara Visiones Atómicas, editado en Venezuela e presentará a conferencia "Relación entre a poesía e as artes plásticas / a súa visión", o mércores de xullo na Casa de las Letras Andrés Bello, a partires das 11:00 da mañá.

Agás de dous novelas, Hawad publicou as seleccións poéticas e caligráficas: Caravana da sede (1985) Cantos da Sede e de Extravío (1987) e Testamento Nómada (1989).

De Medellín

Entre os poetas latinoamericanos que dictarán conferencia, destaca tamén a presenza do poeta colombiano Fernando Rendón, fundador e director do Festival Internacional de Poesía de Medellín, que acaba de celebrar a súa décima quinta edición, tema sobre o que tratará a súa conferencia o xoves 28 de xullo no Auditorio do Museo de Bellas Artes, ás 11:00 da mañá.

Este recoñecido poeta conta con varios libros publicados: Contrahistoria (1986), Bajo otros soles (1989), Canción en los campos de Marte (1992) e Los motivos del salmón (1998).

Burghardt: Porchia e as súas voces

Para o venres 29 de xullo ás 4:00 no Teatro Baralt de Maracaibo está pautada a conferencia de Juana Burghardt, de Alemaña, sobre Antonio Porchia e as sás voces. Burghardt á docente de idiomas estranxeiros e tradutora especializada en poesía española a alemá.

Traduciu poemas selectos ao español de autores alemáns, austríacos, suízos, árabes e asiáticos no marco do

Festival Internacional de Poesía en Medellín (Colombia), entre outros: Joachim Sartorius (Alemaña), Galsan Tschinag (Mongolia), Iren Baumann (Suiza), Ali Al-Shalah (Iraque), Michael Speier (Alemaña), Saif Al-Rahbi (Omán), Raoul Schrott (Austria), Nguyen Chi Trung (Vietnam), Esther Dischereit (Alemaña), Kwang-Kyu Kim (Corea), y Antonio Pochia, entre outros.